

Arousa Norte brinda o seu apoio ao certame de curtas Alberto Romero

O concurso, dirixido especialmente a escolares e usuarios dos centros para persoas con diversidade funcional, pero tamén unha categoría libre para outros participantes está dotado con 1.200 euros por parte da Mancomunidade.



CEDIDA
M.X.B.
20/11/2017 13:45 H

A mancomunidade Arousa Norte decide brindar o seu apoio ao certame de curtas Alberto Romero, posto en marcha o ano pasado. O presidente do ente, Adolfo Muíños, explicaba así os motivos da decisión: «Consideramos que é unha iniciativa de máximo interese, na medida que conxuga varios elementos». Referíase ao fomento da creatividade entre as persoas novas, ao uso das novas tecnoloxías para proxectar a comarca cara ao exterior e a implicación da comunidade educativa, sendo o seu motor principal a implicación das ANPAs dos catro concellos.

E que este certame naceu para render homenaxe a Alberto Romero, unha persoa moi implicada coa ensinanza e a cultura, e conta dende o principio coa colaboración das ANPAs dos IES nº1 e Leliadoura de Riberia, e do CEIPP de Palmeira, ao que se suman este ano numerosas ANPAs de toda a mancomunidade. A este concurso poderán sumarse os alumnos de quinto e sexto de Primaria, así como todos os estudantes de Secundaria e Bacharelato, usuarios dos centros destinados a persoas con diversidade funcional, e como novidade tamén calquera outra persoa vinculada a esta mancomunidade. O prazo para realizar as inscricións na páxina web www.albertoromero.org concluirá ao 22 de decembro. Todos os traballos que concorran ao certame optarán a catro premios de 300 euros cada un.